ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

FICHA DA ACTIVIDADE FORMATIVA
LO26021

1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Prevención de condutas irregulares no ámbito da Administración Local

CONVOCATORIA: LOCAL, convocatoria

GRUPO: Cursos Local

ÁREA: Réxime xurídico e xestión das entidades locais

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	**PLAN:**	F. FINALISTAS	**HORAS:**	30
ADMINISTRACIÓN:	AU|LO	**ESTADO:**	CONVOCADO	**ANO:**	2026
MOD.IMPARTICIÓN:	TELEFORMACIÓN	**TIPOLOXÍA:**	XERAL	**EDICIÓNS:**	1

DATA MATRÍCULA: Do 12/03/2026 - 09:00h ao 18/03/2026 - 14:00h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Proporcionar aos empregados públicos das entidades locais de Galicia as ferramentas necesarias para identificar riscos, aplicar mecanismos de prevención e fomentar unha cultura de integridade que reduza a aparición de condutas irregulares. Inclúe análise normativa, metodoloxías de control e o papel do Consello de Contas de Galicia na prevención da corrupción.

DESTINATARIOS

- Funcionarios/as con habilitación de carácter nacional que estean prestando servizos na Administración local ou noutras Administracións públicas de Galicia.
- Persoal ao servizo das entidades locais de Galicia..

PROGRAMA

Módulo 1: Introdución e marco normativo: Concepto e clasificación das condutas irregulares. Principios de integridade, transparencia e bo goberno. Normativa aplicable e referencias internacionais. Papel dos órganos de control interno e externo.

· Módulo 2: Identificación de riscos e áreas críticas: Tipoloxía das condutas irregulares máis frecuentes. Áreas vulnerables na Administración local. Metodoloxías e ferramentas para análise e avaliación de riscos.

· Módulo 3: Mecanismos de prevención e control: Sistemas de control interno e externo: funcións e responsabilidades. Protocolos de transparencia e acceso á información. Canles de denuncia e protección do denunciante. Auditoría e seguimento das medidas preventivas.

· Módulo 4: Cultura organizativa e ética pública: A importancia da cultura de integridade nas organizacións. Estratexias de formación e sensibilización do persoal. Códigos de conduta e mecanismos de cumprimento. Exemplos de boas prácticas.

· Módulo 5: A función preventiva do Consello de Contas de Galicia: Estratexia preventiva baseada na integridade institucional. Aplicación do modelo COSO e das normas ISSAI. Documentos aprobados: Estratexia, Directrices técnicas, Catálogo de riscos e Metodoloxía.

CRITERIOS DE SELECCIÓN
1.- Persoal funcionario con habilitación de carácter nacional que estea prestando servizos na Administración local ou noutras Administracións públicas de Galicia. 2.- Persoal ao servizo das entidades locais de Galicia. Grupo A1, A2 3.- Criterio xeral da EGAP

3. DATOS EDICIÓNS

T01		
LOCALIDADE: TELEFORMACIÓN		**INICIO / FIN:** 07/09/2026 a 07/10/2026
NUM. PRAZAS: 50	**ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.)	**DATA EXAME:** 14/10/2026 ás 18:00h
DOCENTES NOMEADOS		
DOMINGO A. GUERRA PARÍS		
LUGAR DE REALIZACIÓN		
Proba final en liña.		